



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, a data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: DECRETO DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDO NO PROCESO SELECTIVO POR OPOSICIÓN PARA 3 PEÓNS PARA O CONCELLO DE VILASANTAR SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

Exp. 2021/A008/000025
Exp. 2021/G003/000167

Visto que mediante o Decreto de Alcaldía nº 151/2021, de 05/07/2021, se aprobaron as bases para a contratación para a cobertura, con carácter temporal, de 3 postos de peóns do Concello de Vilasantar subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade. Vista a oferta de emprego de peóns de obras públicas remitido por este Concello á oficina de emprego de Melide para selección de candidatos, en cumprimento dos requisitos da Orde do 12 de abril de 2021 (DOG nº73 20/04/2021) pola que se concedeu unha axuda para o fomento do emprego no medio rural (April Rural) ano 2021.

Vista a solicitude do resultado da selección remitido pola Oficina de Emprego de Melide en data 05/07/2021, formulario da selección 12-2021-5823. Contactado telefonicamente con todos os candidatos remitidos para comprobación de se cumpren os requisitos esixidos e se están dispoñibles para contratación, polo que se publica a listaxe definitiva.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

Primeiro.- Abocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Admitir definitivamente os aspirantes que se relaciona a continuación para ó proceso selectivo para a contratación para a cobertura, con carácter temporal, 3 postos de peóns para o Concello de Vilasantar subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade:

NOME E APELIDOS
- IVAN BARROS VAZQUEZ.
- JUAN ANTONIO CORRAL SANCHEZ
- SALVADOR MANUEL GARCIA QUINTELA
- MANUEL MARTINEZ VAZQUEZ
- PABLO MELLID ENJAMIO
- MANUEL REY MELLID
- JOSE LUIS SANCHEZ BLANCO
- JUAN VAZQUEZ ASTRAY



Terceiro.- Excluir definitivamente o aspirante que se relaciona a continuación para ó proceso selectivo para a contratación para a cobertura, con carácter temporal, 3 postos de peóns para o Concello de Vilasantar subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade por non cumprir os requisitos esixidos nas bases de contratación:

- ANTONIO PETRONILA DEL MORAL.

Cuarto.- Modificar na cláusula cuarta das bases onde se establece a Comisión seleccionadora onde dí:

“Presidenta: M^a Montserrat Vázquez Varela, traballadora social do Concello de Vilasantar” debe dicir: M^a Isabel Novo López, funcionaria do Concello de Vilasantar.

“Suplente Secretaria: M^a Isabel Novo López, funcionaria do Concello de Vilasantar” debe dicir: M^a Hermitas Sánchez González, traballadora social do Concello de Sobrado.

“Vogal: Elisa Rodríguez López, técnica de deportes do Concello de Vilasantar” debe dicir: Alberto Lavandeira Fontecoba, peón do Concello de Vilasantar.

Quinto.- Completar a cláusula quinta das bases de selección, establecemento como puntuación mínima para formar parte da bolsa de emprego, na entrevista/proba práctica de 3 puntos.

Sexto.- Convocar a Comisión Seleccionadora para o mércores 14 de xullo de 2021 ás 09:30 na casa consistorial do Concello de Vilasantar (cláusula 4^a das bases da convocatoria) para realización da entrevista e/ou proba práctica, convocar tamén os aspirantes admitidos para a realización da mesma (segundo a cláusula 5^a) e convocar os candidatos que non presentaron o Celga 1 para realización da proba de galego, exercicio-entrevista, a continuación da entrevista e/ou proba práctica (cláusula 2^a).

Séptimo.- Publicar a presente Resolución na páxina Web do Concello de Vilasantar e no taboleiro de anuncios do Concello.

Oitavo.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a comunicación a Oficina de Emprego e notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asínao a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria – Interventora, María Chao Carballeira, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE